CT5	Capacidade de xerar novas ideas.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Complementar a perspectiva estritamente nacional e filolóxica do estudo da literatura a partir da indagación en interrelacións contraídas polas literaturas entre si e polas literaturas e outras artes e discursos.	CB1 CG1 CE3 CT2 CB2 CG2 CE6 CT5 CB5 CG5 CE9 CT8 CT10 CT11 CT12
Coñecemento dos conceptos e métodos da literatura comparada.	CE10

Contidos

Tema	
------	--

1. Historia e concepto da Literatura Comparada	1. Breve historia da Literatura Comparada 2. Vías da Literatura Comparada 2.1. Xenoloxía 2.2. Morfoloxía 2.3. Tematoloxía 2.4. Relacións interartísticas
2. Tematoloxía: os mitos	3.1 O mito de Don Juan: orixen 3.2. O drama fundacional 3.3. Evolución do mito de Don Xoan (S. XVII-S. XXI), na cultura occidental.
3. Relacións interartísticas	4.1. O mito de Don Xoan no cinema

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Eventos científicos	2	0	2
Lección maxistral	30	30	60
Traballo tutelado	6	14	20
Debate	4	8	12
Presentación	2	14	16
Traballo	4	36	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Eventos científicos	O alumnado asistirá a conferencias ou a calquera outro evento formativo que se organice na Facultade e teña relación coa materia.
Lección maxistral	O profesor explicará en profundidade os temas que se tratarán na materia, cunha bibliografía básica e posibilidade de intervir o alumnado
Traballo tutelado	Lecturas de obras, sobre as que versarán os traballos e proxectos. Comentarios de texto. Exposicións en clase
Debate	As exposicións irán sempre seguidas de debate
Presentación	Presentacións na clase dunha lectura ou un traballo previamente elaborado en grupo, ou ben de forma individual.

Atención personalizada

Probos Descrición

Traballo Intentarase seguir a marcha de cada alumno/a en titorías individuais, e nas de grupo orientarase ao alumnado antes de cada elaboración e exposición dun traballo, para garantir que este non chegue con dúbidas (teóricas ou metodolóxicas) á presentación e defensa do tema.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Valorarase o resultado final do traballo tutelado: a súa profundidade no tratamento da temática e a capacidade para facer unha lectura crítica dos materiais de traballo.	25	
Presentación	Valorarase a calidade da exposición, a corrección da linguaxe, e o pertinente dos argumentos.	25	
Traballo	A realización dos traballos, a súa entrega na data e a avaliación positiva destes será condición indispensable para superar a materia. Terase en conta a correcta asimilación dos contidos, pero tamén a utilización adecuada dos instrumentos metodolóxicos, a presentación formal, así como a redacción. Os traballos terán un peso dun 50 % da cualificación final da materia.	50	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A materia será impartida pola titular, Carmen Becerra Suárez.

Séguese a avaliación continua, que esixe a asistencia como mínimo ao 80% das clases, e con participación nas actividades. Se non se pode cumprir esta condición, hai que advertilo á profesora argumentándoo, e ao principio das clases.

Ao final de cuadrimestre (1ª edición de actas) e na data marcada pola FFT realizarase unha proba á que poderán presentarse quen non puidesen seguir o curso de modo presencial ou quen opten por presentarse só ao exame final (avaliación única). O exame consistirá en: dúas preguntas de resposta longa cuxos enunciados coincidan cos dos contidos

do programa, ou ben se deixen reducir facilmente a eles; unha proba práctica de comentario de texto, no cal haberá que recoñecer algunha das estruturas ou contidos do programa.

Os estudantes semipresenciais terán que realizar o longo do cuadrimestre dous traballos tutelados (correspondentes os tres primeiros temas do programa) e un traballo final máis longo, previamente acordado coas responsables da materia

A proba de segunda convocatoria (2º edición de actas) terá a mesma estrutura que o exame final da primeira convocatoria. Para os estudantes que seguiron a avaliación continua (tamen para os semipresenciais), terase en conta os resultados positivos alcanzados en maio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Guillén, Claudio, **Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada.**, Barcelona, 1985,

Romero López, Dolores, **Orientaciones en literatura comparada**, Madrid, 1998,

González Maestro, Jesús, **Idea, concepto y método de la Literatura Comparada.**, Vigo, 2008,

Villanueva, Darío, **«Literatura comparada y teoría de la literatura», Curso de teoría de la literatura**, Madrid, 1994,

Becerra, Carmen, **Mito y Literatura. Estudio comparado de Don Juan**, Vigo, 1997,

Rousset, Jean, **El mito de Don Juan**, Madrid, 1985,

Recomendacións

Outros comentarios

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Plan de Continxencias

Descrición

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na clase, seguindo o resto do estudantado as clases dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Literatura en lingua española				
Materia	Literatura en lingua española			
Código	V01G400V01405			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Suárez Briones, Beatriz			
Profesorado	Suárez Briones, Beatriz			
Correo-e	bsuarez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Literatura española dos séculos XIX e XX			

Competencias	
Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CG1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
CE3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
CE6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
CE9	Coñecemento de retórica e estilística.
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT5	Capacidade de xerar novas ideas.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento dalgúns fitos da literatura en lingua española con especial atención aos contextos socioculturais nos que se producen	CB1 CG1 CE3 CT2 CB2 CG2 CE6 CT5 CG5 CE9 CT8 CT10 CT11 CT12

Contidos	
Tema	
1. Romanticismo	Gustavo Adolfo Bécquer
2. Realismo y Naturalismo	Emilia Pardo Bazán
3. Fin de século e vangardas	3.1. O Modernismo 3.2. Vangardas 3.3. A Xeración do 27 -Selección de textos de cada subtema-

4. A poesía española desde a posguerra

- 4.1. Poesía social
- 4.2. Xeración dos 50
- 4.3. Os novísimos
- 4.4. Poesía de la experiencia
- 4.5. Poesía del silencio, neosurrealismo, poesía erótica, neoexistencialismo, posnovismo, purismo...

-Selección de textos de cada subtema-

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	30	50
Resolución de problemas	6	8	14
Traballo tutelado	14	30	44
Eventos científicos	2	0	2
Actividades introdutorias	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	24	26

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Presentación e explicación das características xerais das diferentes épocas, contextos, xéneros e autores e autoras do programa. O alumnado semipresencial recibirá a través do Moovi ou do correo-e a información necesaria para preparar os temas e cuestións desenvolvidas nestas sesións.
Resolución de problemas	Posta en común da análise crítica dalgúns textos No caso do alumnado semipresencial a resolución de exercicios terá lugar a través da plataforma virtual e nas sesións de tutoría presencial que se celebrarán ao longo do cuadrimestre (as datas comunicaranse no momento pertinente)
Traballo tutelado	Debate e exercicios sobre os aspectos máis significativos dos diferentes textos de lectura obrigatoria
Eventos científicos	Conferencia / charla / seminario
Actividades introdutorias	Introdución á asignatura nos seus contidos e planificación docente

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	A atención será sempre personalizada
Traballo tutelado	Atenderanse de maneira individualizada as diversas cuestións formuladas polo alumnado

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Avaliación da capacidade analítica, crítica e argumentativa a través de debates e comentario de textos	20	CB1 CB2 CG1 CG2 CG5 CT10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de preguntas de resposta curta sobre diferentes aspectos dos contidos da materia	20	CB1 CB2 CG1 CG2 CG5 CE6 CE9 CT8 CT9 CT10 CT11
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame. Comentario de texto. O coñecemento dos contidos expostos nas sesións maxistras serán avaliados tamén a través destas probas	60	CB1 CB2 CG1 CG2 CG5 CE3 CE6 CE9 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. AVALIACIÓN CONTINUA (asistencia ás clases, 80%)

A nota final resultará da suma das cualificacións dos traballos de aula, as probas de resposta curta e un exame (comentario de texto). O maior valor en porcentaxe desta proba (exame) obedece ao feito de ser aquela que mide, ao final do cuadrimestre, as competencias e habilidades desenvolvidas polo alumnado ao longo do mesmo.

Será **REQUISITO** para aprobar cada unha destas actividades a correcta expresión oral e escrita (uso pertinente dos signos de puntuación, corrección ortográfica, orde e claridade na exposición e limpeza dos exercicios).

A data do exame será a mesma que a da avaliación única, fixada oficialmente pola Facultade.

2. AVALIACIÓN ÚNICA

As alumnas e alumnos que non poidan asistir ás clases terán que realizar, ademais do exame (na data fixada pola Facultade), un traballo sobre algún aspecto relativo ós contidos da materia. Por esta razón, é importante que se poñan en contacto coa profesora nas primeiras semanas do cuadrimestre.

Neste caso, o valor do traballo será do 30% e o do exame do 70%, sendo preciso aprobar o exame para sumar a nota do traballo.

Proceden, igualmente, para aprobar, os **requisitos** indicados a propósito da avaliación continua.

3. SEMIPRESENCIALIDADE:

O alumnado que opte pola semipresencialidade terá que responder a probas de resposta curta y de resposta longa (comentario de texto). As primeiras desenvolveranse a través da plataforma virtual e as segundas a través dun exame que se celebrará na mesma data fixada pola Facultade para a avaliación única. Terá que realizar tamén un breve traballo, sobre algún tema ou aspecto relativo aos contidos da materia, que poña de manifesto a súa capacidade crítica e analítica. O tema deste traballo facilitarase a través da plataforma virtual.

4. CONVOCATORIA DE XULLO. Terá lugar na data oficial fixada pola Facultade. Nesta convocatoria, a avaliación consistirá en probas de resposta curta e longa.

NOTA: A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá da súa responsabilidade a quen o cometa.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

ALUMNADO ERASMUS: o nivel de esixencia será equivalente ao do alumnado propio e a súa avaliación realizarase a través do mesmo tipo de probas.

BIBLIOGRAFÍA: As obras de lectura obrigatoria aparecen indicadas na sección Contidos. A bibliografía complementaria sobre cada unha delas e sobre su autor/a será proporcionada a través da plataforma Moovi. É importante, por isto, que o alumnado estea pendente dos avisos e materiais que se ofrecerán a través desta plataforma.

TITORÍAS: o horario de titorías comunicarase ao comezo do cuadrimestre. As consultas feitas por correo electrónico serán contestadas tamén dentro dese horario de titorías.

Plan de Continxencias

Descrición

DESENVOLVEMENTO DA MATERIA NO CASO DE CIRCUNSTANCIA DE EMERXENCIA SANITARIA

1. Desenvolvemento da materia

O alumnado disporá dende o comezo do cuadrimestre dun cronograma que recolla a secuencia de desenvolvemento dos contidos da mesma. Tendo en conta que estos se apoian fundamentalmente na lectura de textos literarios, tocante a este aspecto, en caso de circunstancia de emerxencia sanitaria sobrevida, será relativamente fácil a adaptación a un sistema non presencial. No que respecta á metodoloxía, a [Lección maxistral] sería substituída polo aporte de todos os materiais necesarios a través da plataforma Moovi e pola comunicación co grupo a través de titorías virtuais.

Do mesmo xeito que nunha situación docente normal, o alumnado recibirá as referencias bibliográficas correspondentes a cada tema e lecturas obrigatorias do programa a través de Moovi. É moi importante, por isto, que preste a máxima atención aos avisos e aos materiais que se subirán á plataforma.

2. Avaliación

O deseño da avaliación da materia no seu formato presencial apóiase en diversos tipos de proba: traballo tutelado e

resolución de problemas, que representa un 40% da cualificación, e unha proba exame, consistente en preguntas de desenvolvemento, que representa o 60%.

Se a situación o requirise, este deseño sería modificado nos seguintes termos:

a) Caso de situación de ausencia total de presencialidade: un 80% da cualificación corresponderá á suma dos resultados de exposicións escritas sobre cada lectura do programa (que o alumnado remitirá á profesora no tempo e forma requeridos) e un 20% a debates realizados en chat ou en titorías de grupo virtuais a través do campus remoto.

b) Caso de situación combinada entre presencialidade e non presencialidade: un 65% da cualificación corresponderá á suma dos resultados de exposicións escritas sobre cada lectura do programa (que o alumnado remitirá á profesora no tempo e forma requeridos) e un 35% as actividades de aula desenvolvidas no período de docencia presencial.

En ningún caso se modifican os requisitos para superar as probas. Como se di na Guía docente: □Será requisito para aprobar cada unha das actividades a correcta expresión oral e escrita, é dicir, o uso pertinente dos signos de puntuación, a corrección ortográfica, a orde e claridade na exposición e a limpeza dos exercicios. Por outro lado, naquel tipo de probas no que se faga uso de fontes bibliográficas secundarias, estas terán que aparecer referidas adecuadamente; plaxiar unha fonte, é dicir, transcribila literalmente facéndoa pasar por discurso propio, invalidará inmediatamente o exercicio.

Para o alumnado semipresencial, no caso de producirse esta emerxencia, o modo de desenvolvemento da materia e a súa avaliación coincidirán coa do alumnado presencial (nos termos arriba expostos).

Por outro lado, de se impor unha modalidade docente mixta, na que unha parte do estudiantado permanecerá na clase, seguindo a outra parte as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que na modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Morfología da lingua galega				
Materia	Morfología da lingua galega			
Código	V01G400V01901			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Gómez Clemente, Xosé María			
Profesorado	Gómez Clemente, Xosé María			
Correo-e	xgomez@uvigo.es			
Web	http://http://webh03.webs.uvigo.es/xose-maria-gomez-clemente/			
Descrición xeral	Aproximación ás principais características léxico-gramaticais no eido morfolóxico da lingua galega.			

Competencias	
Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
CG10	Integrar coñecementos e poder desenvolver un proceso de comunicación sólido a partir dunha información que, aínda que sexa incompleta, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas ao proceso comunicativo.
CE1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
CE2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
CE5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
CE8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
CT1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT5	Capacidade de xerar novas ideas.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Saber delimitar os feitos morfolóxicos na lingua galega	CB1 CG1 CE1 CT1 CB2 CG7 CE2 CT2 CB5 CG10 CE5 CT5 CE8 CT8 CT10 CT11 CT12
Dominar os conceptos esenciais da análise morfolóxica nos procesos flexivos e derivativos na lingua galega	CB1 CG1 CE1 CT1 CB2 CG10 CE2 CT2 CB5 CE5 CT5 CE8 CT8 CT10 CT11 CT12

Contidos

Tema	
1. Morfoloxía da lingua galega	1.1. Introducción 1.2. Historiografía da morfoloxía.
2. A flexión en galego	2.1. Palabras flexivas 2.1.1. A flexión nominal 2.1.2. A flexión verbal
3. A formación de palabras en galego	3.1. A derivación 3.2. A composición 3.3. A parasíntese 3.4. Outros procesos de formación de palabras
4. Outros aspectos de morfoloxía galega	4.1. Os neoloxismos en galego

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Resolución de problemas	12	20	32
Lección maxistral	22	44	66
Traballo tutelado	6	38	44
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Observación sistemática	2	0	2
Presentación	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Desenvólvense o primeiro día de aulas e, nelas, realízase un percorrido explicativo polos eixes sobre os que pivotará o curso. Entregarase un cronograma xeral da materia. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL tamén pode asistir a esta sesión. En todo caso o docente faralles chegar o cronograma xeral da materia.
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia. Empregaranse como complemento da lección maxistral. Nalgunha ocasión pódense entregar anticipadamente para que o alumnado os poida preparar con certo adianto. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma MOOVI das prácticas, que deberá entregar no prazo que se marque. Despois, o profesor, en función da natureza do exercicio, devolveraaas corrixidas, fornecerá un solucionario de autocomprobación ou fixará unha titoría para explicalas.
Lección maxistral	Nela o docente exporá os contidos da materia, bases teóricas e lecturas relacionadas con elas, directrices ou explicacións a partir dos exercicios prácticos. Aconséllase levar os contidos da materia ó día. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma MOOVI dos materiais necesarios para preparar todos os contidos que se desenvolvan. Empregaranse, para iso, ficheiros en formato pdf (por veces o profesor tamén os poderá enviar por correo electrónico).
Traballo tutelado	Cada discente elaborará individualmente un traballo escrito sobre o punto 4 do temario seguindo as indicacións do profesor. Todo o alumnado (presencial e SEMIPRESENCIAL) subirá a versión definitiva do traballo á plataforma MOOVI. O segundo e o terceiro día de aulas dedicaranse a explicar a metodoloxía deste traballo. Por iso é moi recomendable para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL asistir polo menos a unha desas sesións (se alguén non puider ir a ningunha, deberá fixar unha titoría co docente).

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Traballo tutelado Alén das indicacións precisas que se proporcionarán o segundo e terceiro día de aulas para poder desenvolver o traballo, ó longo do curso atenderanse, tanto na aula coma no despacho nas horas de titoría, as consultas individuais que haxa verbo da súa elaboración. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL poderá realizar as consultas sobre a elaboración do traballo a través da plataforma Faitic, do correo electrónico ou, preferiblemente, nalgunha titoría. Se a cantidade de alumnado semipresencial así o aconsellar, poderase realizar algunha titoría en grupo, tipo seminario.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Ó longo do cuadrimestre especificaranse as actividades prácticas que serán avaliadas. É preciso que se vaian entregando dentro dos límites que se poñan. Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL esta epígrafe alcanza un 15% da cualificación final, por iso deberá levar a cabo algunha práctica avaliable a maiores ou realizar máis exhaustivamente algunha das que se propoñan (sempre seguindo as indicacións do docente).	10	CG1 CE2 CT1 CG7 CE5 CT5 CT10
Traballo tutelado	O traballo, individual, é obrigatorio tanto para o alumnado presencial coma para o SEMIPRESENCIAL. A data límite de entrega coincidirá coa data do exame (en cada unha das dúas edicións das actas).	30	CB5 CE2 CT1 CE5 CT5 CE8 CT8 CT10 CT11
Exame de preguntas de desenvolvemento	Na data fixada pola Facultade, todo o alumnado, presencial e semipresencial, deberá presentarse a un exame sobre os contidos teórico-prácticos da materia.	50	CB1 CG7 CE2 CT1 CE5 CT10 CE8
Observación sistemática	Avaliarase a asistencia ás aulas e a participación activa do alumnado PRESENCIAL.	5	CE2 CT1 CE8
Presentación	Todo o alumnado (presencial e SEMIPRESENCIAL) deberá expoñer oralmente na aula o seu traballo (suporá un 5% do valor deste punto). A exposición durará, aproximadamente, dez minutos e nela non se poderá ler. Poderase empregar un pequeno guión ou acompañar a exposición de axudas audiovisuais, mais a presentación oral non pode constituír a simple lectura deste material.	5	CE1 CT2 CT10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todo o alumnado deberá decidir ó comezo do curso se opta por un sistema de avaliación continua ou por outro de avaliación única.

-Avaliación continua (para quen (a) asista regularmente ás aulas presenciais e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor -(a) e (b) para o alumnado presencial e só (b) para o SEMIPRESENCIAL-): para poder facer a media final ponderada, haberá que superar traballo, exame escrito e prácticas avaliadas. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados polo docente teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Os discentes que non perdan o dereito á avaliación continua poderán recuperar na segunda edición das actas (xullo), na data fixada pola FFT, aquelas probas que non superasen na primeira edición das actas (maio). Se por causa xustificada algún alumno/a non pode cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, que poderá propoñer outras actividades compensatorias.

-Avaliación única (para o alumnado que opte por ela ou para quen non cumpra cos requisitos para a avaliación continua, ou renuncie a ela): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (maio e xullo), a través dun exame final escrito de todos os contidos teórico-prácticos da materia [65%] (que se realizará nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial) e mais dun traballo (seguindo as indicacións do docente) [35%]. Cómpre superar tanto o exame coma o traballo (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (traballo, práctica ou exame) en que se detecte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico serán atendidas no horario de titorías.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez Blanco, R. (coord.), **Atlas Lingüístico Galego. II**, ILG/FPBdIM, 1995

Álvarez, R.; H. Monteagudo e X. L. Regueira, **Gramática galega**, 2ª, Galaxia, 1995

Álvarez, R. e X. Xove, **Gramática da lingua galega**, Galaxia, 2002

Cidrás, Francisco e Francisco Dubert-García, **A gramática galega, un río de curso curto e sinuoso. Panorama histórico dos estudos gramaticais sobre o galego**, 2017

Dubert García, F., **Aspectos do galego de Santiago de Compostela**, Univ. de Santiago de Compostela, 1999

Fábregas Alfaro, A., **La morfología. El análisis de la palabra compleja**, Síntesis, 2013

Fernández Rei, F. (coord.), **Atlas Lingüístico Galego. I**, ILG/FPBdIM, 1990

Freixeiro Mato, X. R., **Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe**, 2ª, A Nosa Terra, 2003

González Pereira, M. e F. Albertuz Carneiro, **"Morfoloxía"**, Xerais, 2000

López Viñas, X. et al., **Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión**, 2ª, Baía, 2011

Pena, J., **"La palabra: estructura y procesos morfológicos"**, Verba 18, 1991

Rio-Torto, G. et al., **Gramática derivacional do portugués**, Univ. de Coimbra, 2013

Bibliografía Complementaria

Díaz Hormigo, María Tadea, **Morfología**, 1ª, Servicio de Publicaciones. Universidad de Cádiz,

García Gondar, F. (dir.), **BILEGA. Bibliografía informatizada da lingua galega**, CILL-RP,

Louredo Rodríguez, Eduardo, **Cambio lingüístico e morfoloxía: aproximación ao galego da comarca do Ribeiro**, 2018

Nas aulas forneceranse referencias bibliográficas máis específicas,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua e comunicación oral e escrita: galego/V01G400V01301

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Mantéñense as metodoloxías docentes definidas.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

O alumnado solicitará unha titoría para ser atendido no Campus remoto da Uvigo.

* Modificacións (se proceder) dos contidos que se imparten

Eliminaranse os contidos dos apartados 3.3 e 3.4.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

O exame final pasará a valer un 30% da nota en vez dun 50%; as prácticas pasarán a valer un 30% en vez dun 10%. O resto dos ítems de avaliación quedan como estaban.

«Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento».

DATOS IDENTIFICATIVOS**Fonética e fonoloxía da lingua galega**

Materia	Fonética e fonoloxía da lingua galega			
Código	V01G400V01902			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Profesorado	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Correo-e	xsalgado@uvigo.es			
Web	http://http://fft.uvigo.es/es/docencia/profesorado/xose-antonio-fernandez-salgado/			
Descrición xeral	Pártese da delimitación e caracterización das dúas disciplinas, Fonética e Fonoloxía, e abórdase logo a descrición do sistema vocálico galego, tónico e átono, a sílaba e os ditongos, o sistema consonántico, para rematar no nivel suprasegmental con todo o referido á prosodia. Dedicase especial atención á mellora da fonética e da prosodia do alumnado, alí onde son máis apreciadas as interferencias do castelán, coa proposta de actividades de carácter oral.			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudiantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudiantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudiantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudiantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
CE1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
CE5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
CE8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
CE17	Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo.
CE21	Coñecemento teórico e práctico da fonética e da fonoloxía do galego, español e portugués.
CT1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT5	Capacidade de xerar novas ideas.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Identificar, reproducir e describir os sons do galego.	CB5	CG7	CE1 CE5 CE17 CE21	CT5 CT8
Interpretar procesos de variación e cambio fonéticos e fonolóxicos en galego	CB1	CG2 CG7	CE1 CE17 CE21	CT1 CT10
Transcribir fonolóxica e foneticamente textos do galego de diferente tipo.	CB1	CG1	CE1 CE17 CE21	CT1 CT2 CT11

Coñecer e aplicar os conceptos, técnicas e métodos de análise da compoñente fónica da lingua galega, e presentar o seu resultado tanto oralmente como por escrito, seguindo as convencións académicas.	CB2	CG2	CE5	CT1
			CG7	CE8
			CE21	CT12
Ser capaces de sensibilizar na apreciación da diversidade lingüística e eliminar prexuízos lingüísticos, sobre todo no nivel fónico da lingua.	CB1			CT12

Contidos

Tema	
I. A análise fonética e fonolóxica do galego.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Fonética e Fonoloxía: definición e caracterización. Sons, fonemas e grafías. A transcripción dos sons: os alfabetos fonéticos (AFI e RFE). 2. Fonética da lingua galega. Subdisciplinas: fonética acústica, fonética articulatória e fonética auditiva. Descrición articulatória dos sons lingüísticos do galego. 3. Fonoloxía estrutural da lingua galega. Os fonemas. Delimitación e definición. Segmentación e conmutación. Oposición e trazos distintivos. Neutralización e arquifonemas.
II. O sistema vocálico.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A posición tónica: fonemas e realización. Contextos en que aparece /E, e, O, o/. Fenómenos de variación e interferencia. 2. A posición átona. As vogais pretónicas /E, O/. A realización das vogais postónicas. Fenómenos de variación: modificación, adición e supresión.
III. O sistema consonántico	<ol style="list-style-type: none"> 1. Estrutura do sistema do galego común e outros sistemas. 2. Fenómenos de variación nas consoantes oclusivas (os grupos cultos, a gheada), nas sibilantes (o seseo, o rotacismo, a aspiración), nas nasais (o n velar), nas líquidas (o ieísmo) e nas vibrantes (metátese).
IV. A sílaba. Ditongos, tritongos e hiatos	<ol style="list-style-type: none"> 1. A sílaba: concepto, estrutura e tipos. 2. Ditongos, tritongos e hiatos: definición e caracterización. Fenómenos de variación.
V. A prosodia do galego	<ol style="list-style-type: none"> 1. A fonética sintáctica: o sandhi externo. Resultados de encontros de vogal + vogal, consoante + vogal e consoante + consoante: fenómenos máis frecuentes. 2. Acento e entoación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	18	39	57
Resolución de problemas de forma autónoma	24	55	79
Actividades introdutorias	2	7	9
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Exame oral	1	1	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	<p>Son as horas que o docente dedica a expoñer contidos da materia e as directrices e bases teóricas dos traballos, exercicios, comentarios e transcricións fonéticas que deberá facer o alumnado. Recoméndase que cando o profesor facilite por adiantado fotocopias ou outro material o alumnado traia previamente traballado ese material.</p> <p>O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL disporá dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática na plataforma de ensino virtual MOOVI ou, no seu caso, en fotocopia ou PDF; o profesor poderá facerllos chegar tamén a través de e-mail. As clases poderían gravarse en video polo sistema de Campus remoto.</p>
Resolución de problemas de forma autónoma	<p>O docente entregará actividades en que se formulan problemas e /ou exercicios relacionados con contidos da materia, que complementan as leccións maxistras. Préstase especial atención á transcripción e ó comentario fonéticos de textos de diferente tipo e rexistro. Naqueles casos en que o profesor entregue previamente os exercicios, recoméndase que o/a alumno/a os traia traballados. O profesor dará indicación daqueles que son avaliábeis.</p> <p>Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL o profesor colgará no MOOVI ou fará chegar vía e-mail estas actividades e deixará un tempo prudencial para a súa resolución. Despois, enviaranse as solucións para a súa autocomprobación.</p>

Actividades introductorias Son actividades que se realizan o primeiro día de clase, encamiñadas a expoñer os obxectivos e presentar os contidos e principais tarefas do curso así como a bibliografía da materia. Especificamente pídesse ó alumnado a familiarización o antes posible cos símbolos fonéticos do AFI, dos cales se reparte material de estudo ese día.

Sería conveniente que o alumnado SEMIPRESENCIAL acudise a esta sesión de presentación. Ese día dáse material fotocopiado da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Existe a posibilidade para o alumnado SEMIPRESENCIAL da gravación en vídeo das clases maxistrais a través do Campus remoto.
Resolución de problemas de forma autónoma	O docente terá titorías individualizadas ou en pequeno grupo cando así o requira o alumnado en canto ás directrices que debe seguir na resolución de actividades ou nos comentarios dos erros cometidos nas prácticas que se manden entregar como parte da avaliación. Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL realizaranse sesións presenciais a través do Campus remoto, tipo SEMINARIO, distribuídas ó longo do cuadrimestre (a convir entre profesor e alumno), co fin de que o alumnado poida solucionar dúbidas e solicitar explicacións sobre puntos concretos do temario. Así mesmo será atendido en horas de titoría vía e-mail ou a través do despacho virtual na maior rapidez posible.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	Valorarase a asistencia ás clases sempre e cando sexa máis do 80% delas, así como a participación activa nelas. Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL esta puntuación súmase á parte "Resolución de problemas ou exercicios"	5	CB2 CG7 CE1 CT5 CB5 CE21 CT12
Resolución de problemas de forma autónoma	Durante o curso, o docente especificará que actividades prácticas das propostas son avaliadas. Especificamente, o estudante deberá entregar nas datas indicadas a transcripción fonética estreita de 4 textos propostos polo docente e, obrigatoriamente, o resumo crítico de tres artigos (antes do 30 de abril) que se indican na "Bibliografía" que se entregará na clase. Un deses artigos deberá ser exposto oralmente na aula. Tamén se valorará a participación activa na resolución das outras actividades. O alumnado de avaliación única deberán realizar obrigatoriamente un "Traballo titorado", para o cal deberán pórse en contacto co profesor. O dito anteriormente é tamén válido para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL.	25	CB1 CG1 CE1 CT1 CB5 CG7 CE5 CT2 CE17 CT8 CE21 CT11
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase unha proba escrita de resposta curta na última semana de clase sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Esta proba coincidirá o mesmo día ca o "Exame de preguntas de desenvolvemento". O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL realizará os exames sempre de xeito presencial na mesma data có resto do alumnado. O alumnado de avaliación única, sexa semipresencial ou presencial, realizará este exame escrito na data que dispoña o calendario oficial de exames de maio da Facultade.	30	CG2 CE1 CT1 CG7 CE5 CT2 CE8 CT10 CE17 CE21
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase unha proba escrita de resposta longa na última semana de clase sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Esta proba coincidirá o mesmo día cá proba de "Resolución de problemas e/ou exercicios". O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL realizará os exames sempre de xeito presencial na mesma data có resto do alumnado. O alumnado de avaliación única, sexa semipresencial ou presencial, realizará este exame escrito na data que dispoña o calendario oficial de exames de maio da Facultade.	30	CG2 CE1 CT2 CG7 CE5 CT10 CE8 CE17 CE21
Exame oral	O alumnado realizará un exame oral na última semana de clase na que terá que demostrar o dominio da pronuncia do galego. É obrigado superar esta proba para aprobar a materia.	10	CE1 CE17

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dous sistemas de avaliación da materia: a) **Avaliación continua**, para o alumnado que asista regularmente ás clases, e realice e entregue as tarefas de avaliación indicadas polo profesor en tempo e forma. É obrigatorio entregar os tres resumos de bibliografía antes do 30 de abril, se non non se poderán realizar as probas escritas. A puntuación final obterase

da suma das porcentaxes das puntuacións expresadas arriba. De non superar algunha das actividades que se avalían, o profesor poderá mandar repetilas para corrixilas. En todo caso, o/a alumno/a, polo menos, deberá ter aprobado os apartados de "Exame de preguntas obxectivas" e "Exame de preguntas de desenvolvemento"; estes exames escritos realizaranse na **última semana de clase**. De non superar a materia na convocatoria de maio, o alumnado deberá realizar un **exame escrito na convocatoria oficial de xullo**. Na semana final de clases tamén se realizará un **exame oral** individual, que o alumnado deberá superar para aprobar a materia. Se por causa xustificada algún alumno/a non pode cumprir a condición de asistencia regular ás clases e a entrega das tarefas deberá comunicarllo ó docente, quen poderá habilitar outras actividades compensatorias. No caso de que o/a alumno/a renuncie á avaliación continua ou incumpra as condicións esixidas para a avaliación continua pasará a ser avaliado polo sistema b) de "Avaliación única".

b) Avaliación única. O alumnado que non opte polo sistema de "avaliación continua", para superar a materia na convocatoria de **maio** deberá entregar obrigatoriamente un **"Traballo titorado"** (20% da nota final) o día do exame escrito e examinarse sobre todos os contidos da materia nun **exame escrito final único** (70%) que se celebrará na data que dispoña o calendario oficial de exames da Facultade; ese mesmo día farase tamén un **exame oral** (10% da nota). De non superar a materia en maio, o alumnado deberá **repetir as partes suspensas na convocatoria de xuño/xullo**, na data que dispoña a Facultade. O/A alumno/a deberá superar obrigatoriamente o exame oral para aprobar a materia. O **"Traballo titorado"** consistirá na gravación, transcripción e comentario dun texto do galego oral. Deberán poñerse en contacto co profesor para máis detalles deste traballo. Os/as alumnos/as que opten por este sistema poderán asistir ás aulas e ser atendidos nas titorías cando o solicitaren.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez, R. & Xove, X., **"Sons e grafía"**, 1ª, Gramática da lingua galega, Galaxia, 23-47., 2002

Freixeiro Mato, X. R., **Gramática da lingua galega. v. 1: Fonética e Fonoloxía**, 2ª, A Nosa Terra, 2002-2006

Fernández Salgado, Xosé A., **Apuntamentos da materia**, Edición do autor, 2022

Regueira, X.L., **"Cambios fonéticos e fonolóxicos no galego contemporáneo"**, Estudos de Lingüística Galega, nº 1, 147-167, 2008

Regueira, X.L., **"Introdución"**, 1ª, Diccionario de pronuncia galega, 1-23, 2010

González Rei, B., **Interferencias do castelán no galego nas realizacións das consoantes nasais**, Cadernos de lingua, nº 24, 5-26, 2003

Bibliografía Complementaria

Álvarez, R., Regueira, X.L. & Monteagudo, H., **"Fonética e Fonoloxía"**, 1ª, Gramática galega, Galaxia, 11-46, 1986

Fernández Rei, E. & Regueira, X.L.EZ, **Situando o galego no terreo da investigación lingüística: os traballos de fonética e fonoloxía**, Labor Histórico, nº 3, 1, 93-110, 2017

Centro de Investigacións Ramón Piñeiro (CILL-RP), **BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega**,

Recomendacións

Outros comentarios

- Para poder seguir a materia cómpre ter un coñecemento activo elevado do galego oral.

- A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

-Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

-É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións etc.) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización de probas.

-O primeiro día de clase, o profesor proporcionará unha bibliografía básica de traballos sobre fonética galega, dos cales os estudantes poderán elixir algúns como alternativa para o seu resumo ós indicados por el profesor.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o

profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

MANTÉÑENSE TODAS AS METODOLOXÍAS COA EXCEPCIÓN DE QUE SE LEVARÍAN A CABO MEDIANTE AS FERRAMENTAS PROPORCIONADAS POLA UNIVERSIDADE DE VIGO A TRAVÉS DO SEU CAMPUS REMOTO (AULAS E DESPACHOS VIRTUAIS, CORREO ELECTRÓNICO, FAITIC...)

* Metodoloxías docentes que se modifican

NINGUNHA

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A TRAVÉS DO CAMPUS REMOTO DA UVIGO (AULAS E DESPACHOS VIRTUAIS, CORREO ELECTRÓNICO, FAITIC...) BAIXO A MODALIDADE DE CONCERTACIÓN PREVIA.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

NINGUNHA

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

NINGUNHA

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

SEN CAMBIOS

* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

MANTÉÑENSE TODAS

* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

NINGUNHA

* Novas probas

* Información adicional

NA MODALIDADE MIXTA, NA QUE UNHA PARTE DO ESTUDANTADO PERMANECERÁ NA CLASE, SEGUINDO O RESTO DO ESTUDANTADO AS CLASES DUN MODO PREFERENTEMENTE SÍNCRONO OU ASÍNCRONO DEPENDENDO DA FERRAMENTA QUE MELLOR SE ADAPTE A CADA UNHA, AS METODOLOXÍAS, A ATENCIÓN PERSONALIZADA E A AVALIACIÓN SERÁN AS MESMAS QUE AS DA MODALIDADE PRESENCIAL, ADAPTANDO OS GRUPOS E QUENDAS PARA CUMPRIR COA NORMATIVA SANITARIA

DATOS IDENTIFICATIVOS**Sintaxe da lingua galega I**

Materia	Sintaxe da lingua galega I			
Código	V01G400V01903			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Profesorado	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Correo-e	xsalgado@uvigo.es			
Web	http://http://fft.uvigo.es/es/docencia/profesorado/xose-antonio-fernandez-salgado/			
Descrición xeral	Esta materia de "Sintaxe da lingua galega I" céntrase no estudo específico das unidades sintácticas que coñecemos como "frase" e "cláusula". Afóndase na análise sintáctica, partindo do verbo como núcleo predicativo da cláusula e as relacións que establece cos outros constituíntes funcionais e mais as implicacións semánticas e pragmáticas que diso derivan. Estúdase tamén a estrutura interna dos constituíntes frásticos. Préstase especial atención á descrición de aspectos sintácticos diferenciais do galego con respecto ás linguas veciñas.			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Recoñecer e ser capaces de analizar oracións de distintos tipos.	CB1	CG1	CE1	CT1
	CB2	CG2	CE1	CT1
	CB2	CG5	CE2	CT2
	CB3	CG6	CE2	CT2
	CB4	CG7	CE3	CT3
	CB5		CE5	CT3
	CB5		CE5	CT6
				CT8
				CT10
				CT11
				CT12

Coñecer os distintos tipos de construcións compostas por oracións.

CB1 CG1 CE1 CT1
 CB2 CG2 CE2 CT2
 CB5 CG2 CE5 CT3
 CG7 CT6
 CG11 CT8
 CG12 CT11
 CG13
 CG15
 CG16
 CG25
 CG26

Coñecer a estrutura e as relacións (temporais, aspectuais, modais,) das construcións gramaticais

CB1 CG1 CE1 CT1
 CB2 CG2 CE2 CT2
 CB5 CG2 CE5 CT3
 CG7 CT6
 CG11 CT8
 CG12 CT10
 CG13 CT11
 CG15
 CG16
 CG25
 CG26

Contidos

Tema	
1. Introducción. A análise sintáctica	1.1. A xerarquía das unidades 1.2. Relacións e funcións 1.3. Representación gráfica da análise sintáctica
2. A frase	2.1. Estrutura da frase 2.2. Tipos e subtipos de frase
3. A cláusula e a oración	3.1. Cláusula vs. oración. 3.1.1. Cláusula simple e cláusula complexa. 3.1.2. A subordinación substantiva e adxectiva. 3.1.3. A subordinación adverbial. Subordinadas adverbiais propias e impropias. 3.2. As funcións da cláusula.
4. Estructuras coordinadas	4.1. A coordinación como tipo de construción 4.2. A coordinación en español 4.3. Coordinación e elipsis

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	60	90
Resolución de problemas	40	73	113
Traballo tutelado	2	10	12
Actividades introdutorias	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	3	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	3	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora de contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que o estudante ten que desenvolver. O alumnado de réxime semipresencial terá acceso aos materiais necesarios a través da plataforma de teledocencia.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. Os alumnos e alumnas deben desenvolver as solucións apropiadas ou correctas mediante a aplicación de diferentes rutinas ou procedementos. O alumnado de réxime semipresencial poderá acceder aos exercicios que se traballaron nas clases prácticas a través da plataforma de teledocencia; poderá entregalos para a súa corrección e comentario, cando cumpra, a través dos medios dispostos (plataforma, correo electrónico, etc.) nos prazos que se determinen.
Traballo tutelado	A alumna ou alumno, de maneira individual, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.

Actividades introductorias: Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Recoméndase *vivamente ao alumnado de réxime *semipresencial que, de non poder asistir a esta sesión, na que se proporcionará información sobre o desenvolvemento e planificación do curso, pónhase en contacto coa docente por correo electrónico canto antes para tratar estes asuntos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiará na resolución das actividades e exercicios que se propoñan.
Traballo tutelado	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiará e supervisará na preparación dos traballos tutelados.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Presentación de tres exercicios breves ao longo do curso.	30	
Traballo tutelado	Presentación dun traballo escrito sobre un tema relacionado coa materia.	20	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame: pregunta(s) aberta(s) sobre temas do programa.	20	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame: exercicios, actividades e problemas.	30	

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Todas as alumnas e alumnos, tanto de réxime presencial como semipresencial, serán avaliados co sistema de **avaliación continua**, que require a presentación de tres exercicios breves (30%), un traballo escrito (20%) e un exame (50%). Neste exame, que terá lugar na data prevista no calendario oficial da Facultade, concéntranse as partes da avaliación definidas como "exame: preguntas abertas" e "exame: exercicios, actividades e problemas".

Non se esixe asistencia a clase, aínda que se recomenda a todo o alumnado, presencial e semipresencial, que asista na medida das súas posibilidades.

A entrega do traballo tutelado programárase para a terceira semana de novembro (16-20). A data é orientativa e pode ser necesario modificala dependendo da marcha do curso. As datas de entrega dos exercicios breves se irán indicando ao longo do curso e se farán públicas en Moovi. O alumnado, asista ou non a clase, debe manter o contacto coa docente e estar pendente da plataforma Moovi para estar ao tanto das novidades ou axustes que se poidan producir.

Quen atope dificultade para respectar os prazos de entrega dos exercicios deberá contactar coa docente, que terá en consideración as circunstancias en cada caso e decidirá se procede facer algunha excepción.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

As alumnas e alumnos, tanto de réxime presencial como semipresencial, que non alcancen o aprobado na primeira oportunidade poderán presentarse en xullo, na data oficial correspondente, nas mesmas condicións que as que rexen para xaneiro. Isto implica que, ademais de facer o exame, terán que facer entrega do traballo tutelado e os exercicios prácticos breves. O alumnado que se atope no caso de ter aprobada algunha proba poderá conservar as cualificacións desa parte ou partes, previo acordo coa profesora, na oportunidade de xullo.

Tanto na primeira como na segunda edición das actas, non se poderá obter a cualificación de aprobado se non se alcanza un máximo de 5 puntos (sobre 10) en cada unha das partes que se indican a continuación: exame (no seu conxunto) e traballo tutelado escrito.

Tanto nos exames como no resto dos exercicios e probas propostos penalizaranse os erros de expresión (ortografía, puntuación, incoherencias sintácticas, uso inadecuado do léxico, etc.). No caso de que se detecte copia ou plaxio nalguna proba, esta non se puntuará.

O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bosque & Demonte, **Gramática descriptiva de la lengua española**, Gredos, 1999

RAE & ASALE, **Nueva gramática de la lengua española**, Espasa, 2009

Gómez Torrego, **Gramática didáctica del español**, SM, 2011

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

O alumnado debe responsabilizarse de consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC, onde ao docente irá pondo á súa disposición os temas e exercicios que se vaian traballando en clase.

O alumnado semipresencial debe tomar contacto coa docente ao comezo do curso, (pode ser por correo electrónico); recoméndase que asista ás sesións de titorías colectivas que a coordinación do grao planificará periodicamente. En todo caso, o alumnado debe manterse en contacto coa docente a través dos medios dispoñibles (fundamentalmente, correo electrónico e asistencia a titorías individuais).

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS E DA AVALIACIÓN ===

Manteranse as metodoloxías, contidos, sistemas de avaliación e titorías, coa excepción de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Faitic).

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado permanecerá na aula mentres a outra parte seguirá a docencia dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono si a ferramenta utilizada así o aconsella, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, mentres que os grupos e as quendas adaptaranse para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Literatura medieval galego-portuguesa**

Materia	Literatura medieval galego-portuguesa			
Código	V01G400V01921			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua impartición	Lingua			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Arias Freixedo, Xosé Bieito			
Profesorado	Arias Freixedo, Xosé Bieito			
Correo-e	freixedo@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Estudo da literatura medieval galega portuguesa no seu contexto histórico e cultural.			

Competencias

Código				
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
CG1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.			
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.			
CG7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.			
CG9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.			
CE3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.			
CE6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.			
CE7	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da teoría e crítica literaria.			
CE9	Coñecemento de retórica e estilística.			
CE10	Coñecemento dos conceptos e métodos da literatura comparada.			
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.			
CT3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)			
CT6	Capacidade de xestionar a información.			
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.			
CT9	Capacidade crítica e de autocrítica.			
CT10	Capacidade de análise e síntese.			
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.			
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.			

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Coñecer as claves históricas, socioculturais, políticas, etc. que constituíron o contexto de produción da literatura medieval.	CB2	CG1	CT3	CT9
Saber valorar na súa xusta medida a importancia da cultura popular e da cultura intelectual, así como da interrelación entre ambas, na literatura medieval. Familiarizarse cos mecanismos de difusión da cultura na Idade Media.	CB5	CE3	CE6	CE7
		CE10		
Familiarizarse cos mecanismos de difusión da cultura na Idade Media.	CB2	CG1	CE3	CT8
		CG2	CE6	CT10
		CG7	CE10	CT11

Coñecer as obras fundamentais da literatura medieval galega e portuguesa nos seus diferentes rexistros ou xéneros. Saber identificar as concomitancias destas obras coas doutras tradicións literarias europeas, así como saber identificar e valorar as particularidades formais e conceptuais específicas de cada obra, en relación co marco literario románico en que se encadran.	CE3 CE10	CT2 CT3 CT6 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12	
Saber percibir a evolución estética e/ou ideolóxica dalgúns manifestacións literarias ao longo da Idade Media.	CG1 CG9	CE3 CE6 CE9 CE10	CT2 CT3 CT6 CT9 CT10 CT11 CT12
Coñecer e saber empregar en análises de casos concretos, os conceptos, a terminoloxía e as metodoloxías deste ámbito de estudo.	CB1 CG2 CG7 CG9	CE6 CE10	CT8 CT11

Contidos

Tema	
1. Contextualización xeográfica, histórica, cultural, sociolóxica e lingüística da literatura galego-portuguesa medieval.	-O espazo xeográfico, social e político. -Cultura intelectual e cultura popular. Os espazos da cultura intelectual. -A difusión da cultura na Idade Media.
2. O concepto de 'literatura' e de 'creación literaria' na Idade Media.	-Tradición e orixinalidade na literatura medieval. -Literatura para escoitar e literatura para ler. -A obra manuscrita e os azares da transmisión. -Os conceptos de autor e de xénero na Idade Media.
3. A lírica profana galego-portuguesa. -Tradición e orixinalidade na poesía medieval.	-Cuestións de poética e de retórica medieval. -Xéneros ou rexistros poéticos galego-portugueses no contexto románico. A cantiga de amor, a cantiga de amigo, a cantiga de escarnio e maldizer, outros xéneros pouco representados. -Lírica pretrobadoresca en romance. -Cronoloxía e xeografía da manifestación cultural trobadoresca galego-portuguesa. -A transmisión manuscrita.
4. A lírica relixiosa: As Cantigas de Santa Maria.	-As CSM no marco da tradición haxiográfica medieval. -Concepción e evolución do proxecto das CSM. -A cuestión da autoría das CSM. -Formas métricas e estróficas das CSM. -Estrutura interna das CSM narrativas. -Especificidade das cantigas de loor.
5. A prosa medieval galega.	-A materia antiga. -A materia de Bretaña. -A materia rolandiana.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo previo	4	20	24
Estudo de casos	8	10	18
Traballo tutelado	4	22	26
Seminario	4	10	14
Lección maxistral	26	20	46
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo previo	Para algúns temas o profesor indicará bibliografía específica que o alumnado deberá ter lida antes da exposición teórico-práctica dos mesmos na aula

Estudo de casos	De xeito complementario e simultáneo coas sesións maxistras, realizaranse estudos e comentarios de casos relacionados co aspecto teórico que se estea a explicar nese momento. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL poderá recibir orientacións sobre estas explicacións nas titorías individuais (sexan presenciais ou remotas), indicarlle a bibliografía que pode substituílas ou complementalas, e disporá en Moovi de material específico.
Traballo tutelado	Realización de pequenos traballos sobre temas do programa, supervisados polo profesor.
Seminario	Tratamento teórico-práctico de algunhas cuestións específicas do temario da materia.
Lección maxistral	O profesor realizará na aula unha explicación teórica e práctica dos contidos da materia. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL poderá recibir estas explicacións nas titorías individuais (sexan presenciais ou remotas), indicarlle a bibliografía que pode substituílas ou complementalas, e disporá en Moovi de material específico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Tanto na aula como en horas de titoría, os alumnos deberán realizar as consultas que consideren precisas sobre a materia de estudo, o traballo diario, os exercicios propostos, etc. As/Os alumnas/os deberán presentarlle individualmente ao profesor un índice do proxecto de traballo tutelado. Antes de entregar o traballo definitivo deberán presentarlle ao profesor, obrigatoriamente e de xeito individual, un borrador completamente desenvolvido do traballo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Estudo previo	Valorarase a lectura da bibliografía previa á exposición teórico-práctica dos temas.	15	CG1 CE3 CT3 CG2 CE6 CT6 CG9 CE7 CT8 CT9 CT10 CT11
Estudo de casos	Valorarase a participación dos alumnos na resolución de exercicios e no comentario dos casos propostos na aula. Valorarase a elaboración de pequenos ensaios a partir de lecturas breves, etc.	20	CB1 CG1 CE3 CT2 CG2 CE6 CT3 CG7 CE7 CT6 CE9 CT8 CE10 CT10 CT11 CT12
Traballo tutelado	Realización dun traballo escrito (8 folios) sobre un aspecto do temario.	25	CB1 CG1 CE6 CT2 CB2 CG2 CE9 CT3 CG7 CE10 CT6 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización dun exame teórico-práctico.	40	CB2 CE3 CT10 CE6 CE7 CE9 CE10

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Primeira edición das actas.

Dúas modalidades de avaliación:

a. A **avaliación continua** (a descrita máis arriba) que inclúe un exame teórico-práctico que se realizará na data oficial establecida pola FFT (40% da nota).

b. Á parte da avaliación continua, o alumnado ten a posibilidade de optar polo **sistema de avaliación única**, consistente na realización dun único exame teórico e práctico (70% da nota) sobre todos os contidos da materia, que se realizará na data oficial establecida pola FFT, e na elaboración dun traballo tutelado (30% da nota) que se entregará o mesmo día do exame oficial .

Ao alumnado que opte polo sistema de avaliación continua recoméndaselle a asistencia regular ás aulas.

2. Segunda edición das actas (xullo):

O alumnado terá só opción á **avaliación única**, consistente na entrega do traballo tutelado (30% da nota) e na realización

dun exame teórico sobre os contidos da materia (70% da nota).

Importante: Sexa cal for a modalidade de avaliación e a convocatoria, é preciso participar en todas as probas propostas en cada caso.

O alumnado que opte pola modalidade de avaliación única, en calquera das dúas edicións das actas, deberá acordar o tema do seu traballo co profesor con antelación suficiente (mínimo dous meses antes da data de entrega). É responsabilidade do alumnado contactar co profesor para marcar o tema do traballo.

Modalidade semipresencial.

O alumnado en réxime de semipresencialidade poderá consultar os materiais e as prácticas a través da plataforma MOOVI, onde se irán colocando paulatinamente.

Haberá sesións quincenais de titoría, ás que é conveniente que asistan para un mellor seguimento do curso.

A avaliación do alumnado semipresencial, que tamén poderá optar entre avaliación única ou continua, será a mesma que para o alumnado presencial.

Observacións.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Arias Freixedo, X. B., **Antoloxía da Lírica Galego-Portuguesa**, Xerais, 2003

Arias Freixedo, X. B., **Per arte de foder. Cantigas de escarnio de temática sexual**, Frank & Timme, 2017

Beltrán, V., **A Cantiga de amor**, Xerais, 1995

Brea, M. e Lorenzo, P., **A cantiga de amigo**, Xerais, 1998

Dronke, P., **La lírica en la Edad Media**, Seix Barral, 1996

Fidalgo, Elvira, **As cantigas de Santa Maria**, Xerais, 2002

Lanciani, G e Tavani, G., **As cantigas de escarnio**, Xerais, 1995

Lanciani, G. e Tavani, G. (ed.), **Dicionario da literatura medieval galega e portuguesa**, Caminho, 1993

López Carreira, A., **O Reino Medieval de Galicia**, Edicións A Nosa Terra, 2005

Mettmann, W., **Afonso X o Sábio. Cantigas de Santa Maria**, Castalia, 1986-1988-1989

Monteagudo, H., **En cadea sen prijon. O cancionero de Afonso Paez**, Xunta de Galicia,

Oliveira, Antonio Resende de, **Trobadores e xogares**, Xerais, 1995

Pallares, M^ª C. e E. Portela,, **Idade Media**, en **Nova Historia de Galicia**, Tambre, 1996

Pena, X. R., **Historia da literatura medieval galego-portuguesa**, Sotelo Blanco, 2002

Rodríguez Guerra, A. & Arias Freixedo, X. B. (Eds.), **The Vindel Parchment and Martin Codax /O Pergamiño Vindel e Martin Codax**, John Benjamins Publishing Company, 2018

Souto Cabo, J. A., **Os cavaleiros que fezeram as cantigas. Aproximación às orixens socioculturais da lírica galego-portuguesa**, Editora da UFF, 2013

Tavani, G., **A poesía lírica galego-portuguesa**, Galaxia, 1986

VV.AA., **História da Literatura portuguesa. Vol. I. Das Orixens ao Cancioneiro Geral**, Publicações Alfa, 2001

VV. AA., **Historia da Literatura Galega, Idade Media, v. XXX**, Hércules de Edicións, 2000

VV. AA., **Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica**, CILRP, 2006

-www.cantigas.fcsh.unl.pt,

www.cantigasdesantamaria.com/,

www.glossa.gal,

sli.uvigo.es/RILG/,

www.universocantigas.gal,

Bibliografía Complementaria

Gutiérrez, S. e Lorenzo, P., **A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media**, Universidade, 2001

VV. AA., **História crítica da literatura portuguesa. Idade Média (vol. I). C. Reis e A. F. Dias (Dir.)**, 1998

Zumthor, P., **Éssai de poétique médiévale**, Editions du Seuil, 1972

Zumthor, P., **La letra y la voz de la literatura medieval**, Cátedra, 1989

Recomendacións

Outros comentarios

É responsabilidade do estudiantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Plan de Continxencias

Descrición

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET

DOCENCIA NON PRESENCIAL

*Metodoloxías docentes.

En caso de que as circunstancias obriguen a unha docencia non presencial, manteranse a maior parte das metodoloxías docentes, dado que o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Faitic das indicacións puntuais e dos materiais necesarios para acompañar os eventos docentes e divulgativos.

Procurarase restrinxir ao máximo a sesión maxistral e utilizarase a sala virtual do profesorado para as postas en común e resolución de dúbidas, a corrección de exercicios e a resolución de problemas.

En xeral, indicaranse semanalmente os contidos que se van tratar, así como os materiais que deberán consultar e as tarefas que deberán realizar e entregar.

* Titorías (Mecanismo non presencial de atención ao alumnado).

As titorías non presenciais realizaranse por medio da plataforma faitic, a través do correo electrónico e de ser o caso, a través da sala virtual do profesorado.

* Contidos a impartir

Os contidos son os mesmos que na modalidade presencial.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

A bibliografía indicada para a modalidade presencial inclúe manuais materiais para a auto-aprendizaxe.

Na propia plataforma Faitic da materia hai materiais bibliográficos e webgráficos útiles para poder facer unha aprendizaxe autónoma coa supervisión do profesor.

*Avaliación

Mantéñense todas as probas previstas para a modalidade presencial, dado que poden ser realizadas por vía telemática a través de Faitic ou da aula virtual.

* Información adicional

É responsabilidade do alumnado manter o contacto co profesorado así como a súa participación activa no desenvolvemento da docencia, participando nas actividades docentes e realizando as probas de avaliación.

As comunicacións do profesorado co alumnado terán un carácter xeral e irán dirixidas ao grupo, polo que é responsabilidade do alumnado estar pendente desas informacións.

En caso de ter algún problema de tipo técnico que dificulte o acceso á docencia virtual, o alumnado debe poñelo canto antes en coñecemento dos servizos técnicos da universidade (SAUM), onde poderá recibir asesoramento.

====DOCENCIA COMBINADA: PRESENCIAL/NON PRESENCIAL====

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Literatura dos 'Séculos Escuros' e do século XIX**

Materia	Literatura dos 'Séculos Escuros' e do século XIX			
Código	V01G400V01922			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Navaza Blanco, Gonzalo			
Profesorado	Navaza Blanco, Gonzalo			
Correo-e	gnavaza@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Teoría e crítica da literatura galega dos séculos XVI a XIX			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudiantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudiantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudiantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudiantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG5	Capacidade do estudiantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
CG7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
CE3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
CE6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
CE16	Coñecemento da historia dos países da Península Ibérica.
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
CT6	Capacidade de xestionar a información.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT9	Capacidade crítica e de autocrítica.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Comprender a historia das ideas estéticas que determina a evolución das tradicións literarias.	CB1 CG1 CE3 CT2
Valorar a construción do sistema literario galego como produto da nosa historia e da nosa singularidade en tanto que pobo peculiar.	CB2 CG2 CE6 CT3
Coñecer en profundidade a problemática da evolución desde a literatura medieval á contemporánea e a produción literaria dos séculos xvi-xviii (Séculos Escuros)	CB5 CG5 CE16 CT6
Coñecer en profundidade os procesos históricos, sociopolíticos e culturais que dan lugar aos fenómenos que propician no século XIX a configuración do sistema literario galego contemporáneo, así como as producións literarias desta etapa.	CG7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12

Contidos

Tema

1. Da literatura medieval galego-portuguesa á literatura galega contemporánea	1.a. Condicionamentos históricos 1.b. Periodización e criterios 1.c. Características xerais dos SS.EE.
2. Literatura galega do Renacemento e o Barroco	2.1. Literatura culta e literatura popular. 2.2. Restos da tradición medieval 2.3. A loa do parragués 2.4. As exequias da Raíña Margarida
3. O teatro dos séculos escuros	3.1. Teatro culto, teatro popular 3.2. O entremés famoso sobre a pesca no Río Miño 3.3. Outras mostras
4. Sarmiento	4.1 Sarmiento e a lingua galega 4.2. Sarmiento filólogo, Sarmiento literato.
5. A literatura do século XIX	5.1. Primeiras mostras 5.2. Literatura anterior ao Rexurdimento
6. O Rexurdimento	6.1. Características xerais 6.2. Rosalía de Castro 6.3. Eduardo Pondal 6.4. Curros Enríquez 6.5. Outros autores

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	44	102	146
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Lectura e comentario de textos literarios

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Lectura de textos e comentario (realizados na aula). Respostas ás consultas de cada alumno acerca do texto traballado (na aula ou por conta de cada alumno). Seguimento do comentario de texto realizado. (As consultas poden realizarse a través de correo electrónico). Os alumnos semipresenciais deberán asistir aos seminarios específicos que se convocarán para eles. Disporán ademais da atención que se lles poida prestar a través do correo electrónico e en titorías previamente concertadas.
Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	Cada alumno recibe un informe individualizado das súas respostas nas probas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Seminario	Valorarase a participación nos seminarios consistente na lectura e comentario de textos literarios	25	CB1 CB2 CB5
Exame de preguntas de desenvolvemento	O exame (na data indicada no calendario oficial da FFT) constará de dúas partes. A primeira é o desenvolvemento dun tema teórico. A segunda, comentarios guiados (mediante cuestións concretas) relativos a textos literarios ou fragmentos.	75	CB1 CB2 CB5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos semipresenciais deberán realizar o exame marcado na data oficial, igual que o resto dos alumnos, e ademais deberán ir enviando por correo electrónico os comentarios de textos propostos.

A proba de xullo consistirá nun exame similar cunha puntuación idéntica. Os alumnos que fixeran os comentarios de texto conservan a nota correspondente; os que non, deberán entregalos na data en que realicen o exame.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Mariño, Ramón (edit), **Papeis de empreita condenada I: A escrita galega entre 1797 e 1846**, Consello da Cultura Galega, 2008

Mariño, Ramón (edit), **Papeis de empreita condenada II. Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea**, Consello da Cultura Galega, 2012

Tarrío Varela, Anxo, **Literatura galega: Aportacións a unha historia crítica**, Xerais, 1994

Vilavedra, Dolores, **Historia da literatura galega**, Galaxia, 1994

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Análise das obras centrais da literatura galega durante o franquismo/V01G400V01924

Análise das obras centrais do período Nós/V01G400V01923

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Obras principais das literaturas galega e lusófona/V01G400V01304

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

* Metodoloxías docentes que se modifican

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

* Novas probas

* Información adicional

DATOS IDENTIFICATIVOS**Análise das obras centrais do período Nós**

Materia	Análise das obras centrais do período Nós			
Código	V01G400V01923			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernández Álvarez, Manuel Santiago			
Profesorado	Fernández Álvarez, Manuel Santiago			
Correo-e	manuelforcadela@gmail.com			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Historia e crítica da literatura galega entre 1900 e 1936			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
CG7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
CE3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
CE6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
CE7	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da teoría e crítica literaria.
CE16	Coñecemento da historia dos países da Península Ibérica.
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
CT5	Capacidade de xerar novas ideas.
CT6	Capacidade de xestionar a información.
CT9	Capacidade crítica e de autocrítica.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Abranguer os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas da teoría literaria, así como sintetizar, relacionar e describir a tradición literaria galega nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.	CB1	CG1	CT2	
	CB2	CG2	CT5	
	CB5	CG5	CT10	
		CG7	CT11	
			CT12	
Comprender a historia das ideas estéticas que subxace á evolución das tradicións literarias.	CB1	CG1	CE3	CT3
	CB2	CG2	CE6	
	CB5	CG5	CE7	
		CG7		
Valorar a construción do sistema literario galego como un produto da nosa historia e da nosa singularidade en tanto que pobo peculiar.		CG5	CE3	CT9
			CE16	

Contidos

Tema

1. A xeración poética Antre Dous Séculos.	Circunstancias históricas e sociais. Características xerais. Antonio Noriega Varela Ramón Cabanillas Outros autores. Lectura e comentario dunha antoloxía de poemas facilitada polo profesor.
2. A xeración Nós. Ensaio e narrativa.	Circunstancias históricas e sociais. Características xerais. Vicente Risco Ramón Otero Pedrayo Afonso Daniel Rodríguez Castelao Lectura de: - Teoría do nacionalismo galego de Vicente Risco. - O Porco de Pé de Vicente Risco. - Arredor de si de Ramón Otero Pedrayo. - Retrinco de Afonso Daniel Rodríguez Castelao. - Retrincos de Afonso Daniel Rodríguez Castelao.
3. As xeracións poéticas de 1925 e 1936	Circunstancias históricas e sociais. Características xerais. A renovación poética. As vangardas autóctonas e alleas. Manuel Antonio. Álvaro Cunqueiro. Outros autores. Lectura e comentario de: - O Manifesto Máis Alá, de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro. - De catro a catro de Manuel Antonio. - Poemas de di e son, de Álvaro Cunqueiro. - Antoloxía de poesía facilitada polo profesor.
4. O teatro.	O teatro rexionalista de principios de século O teatro nacionalista O teatro das Irmandades da Fala O teatro da Xeración Nós O teatro do Seminario de Estudos Galegos O teatro de vangarda Lectura, viisionado e comentario de: - A fiestra baldeira, de Rafael Dieste. - Os vellos non deben de namorarse, de Afonso Daniel Rodríguez Castelao.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	3	5
Lección maxistral	41	37	78
Traballo tutelado	2	36	38
Eventos científicos	0	20	20
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	6	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Haberá unha sesión introdutoria ao conxunto da materia, de dúas horas de duración, con delimitación dos seus contidos, métodos, probas a realizar, textos que deben ler os alumnos, etc. Sería convinte que, a pouco que lles resulte posible, tamén os ALUMNOS SEMIPRESENCIAIS acudan a esta sesión introdutoria.

Lección maxistral	A docencia centrarase na análise exhaustiva arredor de catro núcleos textuais e autoriais, dos que se irán derivando calas noutras obras e autores adxacentes. Dedicaremos un mes a cada un destes núcleos. Os ALUMNOS SEMIPRESENCIAIS poderán recibir orientacións sobre estes contidos nas titorías individuais (sexan presenciais ou remotas), se lles indicará a bibliografía que pode substituílas ou complementalas, e disporán en Fatic de material específico.
Traballo tutelado	Realizaranse comentarios de texto de numerosos fragmentos textuais ou culturais vinculados coas obras obxecto deste programa. Cada estudante realizará unha exposición na aula sobre un tema acordado co profesor.
Eventos científicos	Eventualmente o alumnado poderá acudir a conferencias, recitais, mesa redondas, proxeccións de filmes, seminarios literarios, representacións teatrais, etc. e deberá realizar un breve resumo por escrito desta actividade.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma Moovi ou outras.
Lección maxistral	Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma Moovi ou outras. O método docente, ademais, será o do diálogo e o alumnado poderá formular cantas dúbidas lle suxira o discurso da materia.
Traballo tutelado	Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma Moovi ou outras. Ademais, os traballos serán expostos e discutidos na aula e estarán á disposición do alumnado para a súa consulta posterior e para formar parte do material de estudo.
Eventos científicos	Eventualmente, o alumnado será convidado a participar en sesións de conferencias, debates, proxeccións, congresos, xornadas de estudos, que serán avaliados polo profesor en función do seu interese e relación cos contidos da materia.
Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os alumnos disporán de atención personalizada a través de titorías no despacho do profesor e de atención telemática por medio do correo electrónico e da plataforma Moovi ou outras. O alumnado contará cunha entrevista programada ao final do exercicio para coñecer pormenorizadamente o resultado do seu esforzo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Actividades introdutorias	Presentación da materia e dos traballos e encomendas que debe realizar o alumnado. Tanto o alumnado presencial como semipresencial, en sesións diferenciadas, está obrigado a asistir.	5	CB1 CB2 CB5
Lección maxistral	Leccións ao longo do primeiro cuadrimestre. O alumnado semipresencial contará con información da materia impartida en cada unha das sesións e con documentos escritos ou audio-visuais que lle permitan un seguimento adecuado da materia. No caso de que presencialidade total non sexa posible, levarase a cabo unha secuencia repetida de Lectura-Debate-Recensión para cada unha das obras presentes no programa. Quere dicirse que o alumnado deberá ler cada unha das obras e asistir, posteriormente, a un debate por medios telemáticos sobre esa obra para, finalmente, escribir unha recensión de 2000 palabras sobre esa obra. A recensión deberá ser totalmente persoal e orixinal e no caso de que se detecte plaxio total ou parcial a nota resultante non será outra que 0 (cero). Igualmente terase moi en conta a corrección formal e lingüística.	30	CB1 CB2 CB5
Traballo tutelado	Traballos de lectura e análise das obras obxecto do programa. O alumnado semipresencial tamén estará obrigado a participar na realización de traballos específicos de curso, comentarios de lecturas, reseñas de filmes, análises de textos, etc.	15	CB1 CB2 CB5
Eventos científicos	Asistencia, e participación, a seminarios desenvolvidos en paralelo ás clases e vinculados cos contidos da materia. O alumnado semipresencial contará coa información necesaria para un seguimento axeitado de cada un dos eventos programados.	20	CB1 CB2 CB5

Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame sobre contidos que o alumnado ha responder de xeito disertativo. O alumnado semipresencial ha de comparecer para a realización desta proba (ou probas), que será programada de xeito oficial e anunciada con antelación pola Facultade. A proba consistirá nunha disertación escrita sobre un ou varios dos temas do programa así como no comentario (análise e interpretación) de un ou varios textos dos estudados no programa. A proba do mes de xullo será semellante á do mes de xuño.	30	CB1 CB2 CB5
---------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----	-------------------

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado semipresencial ha de comparecer de xeito presencial, ou telematicamente de ser necesario, para a realización desta proba. A proba consistirá nunha disertación manuscrita sobre un ou varios dos temas do programa así como no comentario (análise e interpretación) de un ou varios textos dos estudados no programa.

No caso de que a docencia presencial non estiver permitida, por razóns sanitarias ou doutro índole, o total das recensións presentadas substituirá as porcentaxes de lección maxistral (30%) e de traballo tutelado (15%) e mesmo, se for o caso, de eventos científicos (20%), pasando, pois, a constituír o 65% do valor final da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ansede, Alberte, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé María Álvarez Cáccamo, and Asociación Socio-Pedagóxi, **Historia Da Literatura Galega.**, Tomos 33 e 34,, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1996

Carballo Calero, Ricardo, **Historia Da Literatura Galega Contemporánea**, Galaxia, 1981

Frenzel, Elisabeth, **Diccionario de Motivos de La Literatura Universal**, Gredos, 1980

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Análise das obras centrais da literatura galega durante o franquismo/V01G400V01924

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Obras principais das literaturas galega e lusófona/V01G400V01304

Plan de Continxencias

Descrición

No caso de que a docencia presencial non estiver permitida, por razóns sanitarias ou doutro índole, levarase a cabo unha secuencia repetida de Lectura-Debate-Recensión para cada unha das obras presentes no programa, como xa se especificou no apartado 7. Quere dicirse que o alumnado deberá ler cada unha das obras e asistir, posteriormente, a un debate por medios telemáticos sobre esa obra para, finalmente, escribir unha recensión de 2000 palabras sobre esa obra. A recensión deberá ser totalmente persoal e orixinal e no caso de que se detecte plaxio total ou parcial a nota resultante non será outra que 0 (cero).

DATOS IDENTIFICATIVOS**Análise das obras centrais da literatura galega durante o franquismo**

Materia	Análise das obras centrais da literatura galega durante o franquismo			
Código	V01G400V01924			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Angueira Viturro, Anxo			
Profesorado	Angueira Viturro, Anxo Monteagudo Alonso, Antía			
Correo-e	angueira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Historia crítica da literatura galega entre 1936 e 1975.			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
